

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL, APAMP, PARA A EXECUCIÓN DA MEDIDA XUDICIAL DE PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE E DAS REPARACIÓNS INDIRECTAS EN VIRTUDE DA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES.

En Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2017


REUNIDOS

 Dunha parte José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social

Doutra parte, D.Daniel Varela Lago con DNI nº 36.012.389-R, no nome e representación da Asociación APAMP, Asociación de Familiares de Persoas con Parálise Cerebral con domicilio en R/ Miguel Hernández nº 1 de Vigo, en virtude da súa condición de presidente, ao que lle corresponde ostentar a representación da asociación, de acordo co establecido nos seus estatutos.

Ambas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a Consellería de Política Social, través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015,



do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores(LORPM).


Segundo.

Que o artigo 45.3 da LORPM recolle a posibilidade de establecer convenios de colaboración con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro para a execución das medidas xudiciais da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, sen que iso supoña en ningún caso a cesión da titularidade da responsabilidade derivada da súa execución.

Terceiro.

Que a Asociación APAMP, Asociación de Familiares de Persoas con Parálise Cerebral, que figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-59, ten entre os seus fins os seguintes:

- 
- a).-Facilitar no posible os medios axeitados para que os diminuídos psico-físicos, paralíticos cerebrais e minusvalías afíns, adquiran os coñecementos e aptitudes necesarios para a súa normalización na sociedade.
 - b).-Prestar a colaboración e axudas precisas para a promoción cultural, apoio á inserción laboral, incorporación a cursos profesionais ou culturais e calquera outra actividade similar.
 - c) Fomentar e potenciar o nivel cultural, mediante asistencia a espectáculos, organización de tempo libre, deportes e calquera outra actividade similar.
 - d.-Facilitar os medios necesarios para a súa rehabilitación, asistencia sanitaria, medios de transporte, etc.
 - e).-Contribuír á mentalización da sociedade, para que tome conciencia da necesidade de normalización social dos diminuídos psico-físicos a través de publicacións, conferencias, campañas de sensibilización ou calquera outro medio de divulgación.
 - f).-Manter contacto con outras Asociacións que teñan fins análogos intercambiando ideas e coñecementos para un mellor logro das súas actividades.
 - g).-Colaborar e axudar na adopción de toda clase de medidas e medios que poidan aportar algunha utilidade para a consecución de fins que tendan a proporcionar maiores posibilidades para a súa integración social.



Cuarto.

Que para as partes é un obxectivo prioritario a consecución do benestar das persoas menores e consideran imprescindible a colaboración entre diferentes institucións públicas e privadas para lograr un servizo máis eficaz na atención das persoas menores con problemas de inadaptación social



sobre as que recaía unha medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade en virtude do artigo 7.1. k) da Lei orgánica 5/2000, ou a realización de actividades exercitadas en reparación do dano en virtude do artigo 19 da dita lei.

Polo que, ambas partes deciden establecer un convenio de colaboración en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e APAMP, Asociación de Familiares de Persoas con Parálise Cerebral, para a execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade imposta polos/as xuíces de menores, en virtude do artigo 7.1.k) da LORPM, así como das actividades en beneficio da comunidade exercitadas na reparación do dano acordadas en virtude do artigo 19 da LORPM.

As tarefas e actividades a realizar son as seguintes:

- Acompañamento e/ou apoio ás persoas usuarias do centro de día e ocupacional así como do centro residencial nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria e nos talleres artesanais.
- Acompañamento e/ou apoio ás persoas usuarias do centro de atención infantil na ludoteca e no servizo de atención temperá e ambulatoria.
- Acompañamento e/ou apoio ás persoas usuarias do club deportivo Tamiar-APAMP na práctica de actividades deportivas (slalom, boccia).

En todo caso as actividades a realizar polas persoas menores, que consistiran no apoio ao traballo realizado polo persoal asignado a cada área ou servizo na asociación, deberán reunir as seguintes condicións:

- Terán un interese social ou se realizarán en beneficio de persoas en situación de precariedade.
- Estarán relacionadas, preferentemente, coa natureza do ben xurídico lesionado polos feitos cometidos pola persoa menor.
- Non poderán atentar contra a dignidade da persoa menor.
- Non serán retribuídas.
- Non suporán a consecución de intereses económicos



Segunda.-Destinatarios

Os destinatarios son as persoas menores de ambos sexos aos que os Xulgados de Menores impoñan unha medida de prestacións en beneficio da comunidade así como aqueles que leven a cabo actividades de reparación do dano acordadas en virtude do artigo 19 da LORPM, que residan no área de Vigo.

Terceira.-Réxime xurídico

A execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade imposta polos/as xuíces de menores e a realización das mesmas acordada en reparación do dano, así como a correcta atención das persoas responsables suxeitas ao cumprimento desta medida, deberán axustarse ao previsto no presente convenio de colaboración, a Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e ao Real Decreto 1774/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LORPM, así como calquera outra norma estatal ou autonómica que sexa de aplicación.

Cuarta.-Obrigas das partes.

1.-A Consellería de Política Social, de acordo coas resolucións adoptadas polo xulgado de menores, asumirá as seguintes obrigas:

- a)** Comunicar a APAMP, Asociación de Familiares de Persoas con Parálise Cerebral o/os menor/es que se incorporará/n ao recurso, de xeito que procederá do xeito seguinte:

Recibida na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social a resolución na que se impón a medida de prestacións en beneficio da comunidade dará cumprimento da mesma a través das xefaturas territoriais, que designarán un/ unha técnico responsable, que elaborará, en colaboración coa persoa designada por APAMP, o programa individualizado de execución de medida, conforme ao establecido polo Real Decreto 1774/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei orgánica 5/2000.

O Programa conterá as actividades a realizar, o seu cometido, o lugar de realización, a persoa responsable da actividade, o número de horas de cada xornada (que non poderá exceder de 4 horas diarias se o/a menor non acada os 16 anos, nin de 8 horas se é maior de idade), o horario (que non interferirá nas súas actividades escolares ou laborais) e o consentimento expreso da persoa menor a realizar ditas actividades, dándose inicio á medida unha vez aprobado polo/a xuíz/a o citado programa.



No caso de reparación entre o/a menor e a vítima ou prexudicado en virtude do artigo 19 da L.O 5/2000, mediante a realización de accións en beneficio da comunidade, unha vez recibida na Xefatura Territorial da Consellería de Política Social a proposta do equipo técnico para a colaboración na realización de accións en beneficio da comunidade, se dará cumprimento á mesma, designando un/unha técnico/a responsable, que elaborará en colaboración coa persoa designada pola asociación APAMP, o programa educativo individualizado de reparación do dano. Este programa conterá o servizo e actividades a realizar do ofertado pola entidade, así como a periodicidade con que se van a realizar as horas acordadas.

- b)** Levar a cabo a dirección, supervisión e seguimento da execución da medida xudicial así como a remisión dos informes e comunicacións oportunas, exercendo como interlocutora única coa Administración de Xustiza.

Así mesmo, e co obxecto de que prevaleza o interese da persoa menor sobre calquera outro interese, a Consellería de Política Social poderá colaborar na realización das reparacións do dano consistentes en actividades en beneficio da comunidade propostas polos equipos técnicos das fiscalías e dos xulgados de menores.

- c)** Indemnizar aos/ás menores polos gastos de transporte (transporte público), e non seu caso de manutención que se deriven da realización da prestación ou reparación, salvo que estes servizos os preste a propia entidade.



2.-A asociación se compromete ás seguintes obrigas:

- a)** Colaborar coa consellería de Política Social na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade así como na realización de prestacións que se leven a cabo en reparación do dano, ofrecendo as instalacións, os servizos e o material necesario para a realización das actividades e tarefas indicadas na cláusula primeira.
- b)** Asegurar que a inclusión da persoa menor nas actividades a realizar se faga, en todo caso, baixo a supervisión dun adulto responsable e coas axeitadas condicións de seguridade e hixiene, non podendo someter ao/á menor a tarefas que impliquen risco para a súa saúde e integridade física.
- c)** Facilitar unha persoa de contacto para a coordinación coa Xefatura Territorial e os profesionais encargados da execución da medida.
- d)** Subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2006, do 18



de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias no caso de incumprimento indicadas no artigo 4 da devandita lei.

Quinta. Protección en materia de Seguridade Social, accidentes e prevención de riscos laborais

Durante a prestación da actividade a persoa menor que ten a idade legalmente requirida, gozará da mesma protección prevista en materia de Seguridade Social para os sometidos a pena de traballo en beneficio da comunidade pola lexislación penitenciaria e estará protexido pola normativa laboral en materia de prevención de riscos laborais. Ao menor que non teña dita idade garantiráselle unha cobertura suficiente polos accidentes que puidera padecer durante o desempeño da prestación e unha protección que en ningún caso, será inferior á regulada pola normativa laboral en materia de prevención de riscos.

A consellería de Política Social asumirá os custes correspondentes á protección prevista na Seguridade Social para os maiores de 16 anos, a tenor do disposto no artigo 20.4 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LORPM.

Así mesmo, asumirá mediante unha póliza de accidentes, e de responsabilidade civil que cubre as prestacións que efectuasen os/as menores, calquera responsabilidade derivada dos actos do/as menores que presten os seus servizos sociais nas instalacións en virtude do presente convenio, e que puideran prexudicar a terceiros ou aos seus bens.

A Asociación queda exenta de calquera responsabilidade derivada dos actos das persoas menores que presten os seus servizos sociais nas súas instalacións en virtude do presente convenio e que puideran prexudicar a terceiros ou aos seus bens.

Sexta.-Condiciones económicas.

A execución do presente convenio non conleva contraprestación económica entre ámbalas dúas partes.

Sétima.-Confidencialidade

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable do ficheiro "Xestión de Servizos Sociais"-creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG nº 246, do 27 de decembro), autoriza á Asociación APAMP, Asociación de Familiares de Persoas con Parálise Cerebral, como encargada do tratamento, para que acceda aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos de execución deste convenio. Ante a dita Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición



A Asociación APAMP, como encargada do tratamento, garante a confidencialidade dos datos persoais e xudiciais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións que se van a realizar, tal e como establece a normativa vixente na LORPM, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

A encargada do tratamento tratará os datos de conformidade coas instrucións da responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Xestión de Servizos Sociais, Os datos persoais aos que teña acceso a encargada do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A responsable do ficheiro e, a encargada do tratamento, deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no Título VIII do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

O encargado do tratamento responderá directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos dos incumprimentos que se puideran derivar das condicións anteriores.

Oitava.-Seguimento

Para o seguimento deste convenio de colaboración se creará unha Comisión Mixta de Seguimento que terá como funcións velar polo cumprimento do que nel se establece, tratar de resolver as cuestións que xurdan durante a súa execución, así como avaliar o seu funcionamento e eficacia.

Esta comisión estará integrada por:

- Un representante da dirección xeral de Familia , infancia e dinamización Demográfica



- Un representante de APAMP, Asociación de Familiares de Persoas con Parálise Cerebral.

Actuará como secretario con voz pero sen voto, un funcionario/ a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A propia comisión acordará o seu calendario de sesións.

A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Novena.-Vixencia

O presente convenio de colaboración terá unha duración dende a data da súa sinatura ata o o 31 de decembro de 2020.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Décima.-Modificacións

Cando xurdan circunstancias concretas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións establecidas no convenio de colaboración, poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración que requirirá acordo unánime das partes, logo dos trámites legais esixidos. Dito acordo que inclúa tal modificación, deberá incluírse como addenda ao convenio.

Décimo primeira. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo , e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e o establecido no Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puideren presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan da súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas pola Consellería de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-



administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora desta xurisdición

Décimo segunda. Resolución deste convenio.

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O mutuo consentimento.
- b) A súa denuncia por unha das partes, formulada con tres meses de antelación á data na que deba surtir efecto.
- c) A celebración dun novo convenio entre as partes que o substitúa.
- d) O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio.
- e) Calquera outra causa prevista na lexislación vixente.

A parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente á outra parte polo incumprimento das obrigas do convenio e pola súa resolución, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

Décimo terceira. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicidade de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Convenios, de conformidade co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por duplicado, no lugar e data expresados.


O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL



Jose Manuel Rey Varela

O PRESIDENTE DE APAMP,
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE
PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL.

Daniel Varela Lago



Miguel Hernández, nº 1 • 36210 Vigo
Tel. 986 294 422 • CIF: G36624120